

## Onte 169: Día de Rosalía



Celebramos o **Día de Rosalía**, o 175 aniversario do nacemento da fundadora da nosa literatura nacional. Unha efeméride que non debe pasar desapercibida en ningún centro educativo nin medio de comunicación. A realización de lecturas e actividades rosalianas en espazos públicos e educativos, ademais da reivindicación do apoio das administracións á investigación e difusión da súa obra centrarán a xornada. Con todo, a **novidosa proposta da AELG** –apoiada pola **Asociación Galega de Editores**, Federación de Libreiros de Galicia, numerosos concellos e centos de asociacións culturais e cívicas– de animar á cidadanía a que nesta data merque un libro en galego e reciba unha flor constitúe outro fermoso aliciente desta coroa cívica e popular. Da man de Rosalía a lingua e a literatura galega chegarán hoxe a todos os recunchos do país de noso. Rosalía sempre viva.

